

Consideracións xerais	1
Listaxe de actividades	8
Técnicas para utilizar na aula	9
1 • ¿que como son eu?	17
2 • ¿como me vexo?¿como me ven?	21
3 • ti es única. ti es único	25
4 • Susie	29
5 • o escaravello peloteiro	33
6 • pirámide das necesidades	36
7 • superfluo	40
8 • estratexias da publicidade	42
9 • as aparencias enganan	45
10 • realidade/ficción	47
11 • adiviña adiviñanza.	49
12 • retrato robot	51
13 • contrapublicidade	53
14 • a arrasadeira	57
15 • definición.	62
16 • dictado en grupo	64
17 • xatentendo.com	67
18 • rapeando	71
19 • capitán Haddock	73
20 • ditos e costumes	81
21 • a crúa realidade	85
22 • descubre a outra metade	88
23 • salto do cabalo	90
24 • a entrevista	93
25 • ábrese a sesión, preside...	96
26 • a manipulación	100
27 • Bart Simpson	102
28 • dereitos	104
29 • dereitos 2.	106
30 • non te deixes intimidar	110
31 • a liña de ocio	113
32 • a liña de ocio 2	114
Bibliografía	117
Enderezos de internet	125

Prevención etimoloxicamente *quere dicir “ acción e efecto de pre- vir, preparar e dispoñer con anticipación as cousas para un fin, evi- tar ou impedir unha cousa, prepararse para o que poida suceder, anticiparse a*, son múltiples as definicións de prevención que se están a dar. **Entendemos por prevención de drogodependen- cias o conxunto de estratexias que teñen como obxectivo eli- minar ou reducir ó máximo a aparición de problemas rela- cionados co uso indebido de drogas.**

Os **obxectivos** da prevención *serían nesta orde: **acadar que os mozos non consuman; se o fan, atrasar ó máximo a idade dos primeiros consumos; previr o paso dun uso experimental a un abuso de substancias; e por último se se produce o con- sumo, que este implique o menor risco posible ou estea aso- ciado a situacións de menor risco.***

Estes materiais están concibidos como ferramentas que faciliten o crecemento e maduración do alumno, traballando non só concep- tos e contidos ó respecto, senón tamén estratexias que lle permitan incrementar a súa asertividade, afrontar situacións conflictivas, resisti-la presión de grupo; favorecendo pola súa vez a adquisición de habilidades de comunicación e resolución de problemas.

Pretendemos que para eles resolver problemas e tomar decisións sexa algo asumido como normal dentro do seu propio proceso de crecemento. Que estas ferramentas lles favoreza quererse e acep- tarse a si mesmos e ós demais con esas “individualidades” que os fan diferentes sen necesidade de recorrer a substancias externas a si mesmos para ter unha sensación pracenteira, enfrontarse a situa- cións complicadas / desagradables para eles: enfrontar unha crises de adolescencia, a ruptura dunha parella propia ou do núcleo de referencia; uns estudos que non van ben, un futuro sen perspecti- vas ou a problemas xeracionais que son incapaces de enfrontar de maneira efectiva.

O noso obxectivo, polo tanto, non é só que os mozos se anticipen ós problemas que poidan xurdir por convivir nun mundo con drogas (as dos nosos tempos, xa que con cada cultura existiu e existe a utiliza- ción dunhas drogas determinadas), senón que eles tamén se res- ponsabilicen da súa propia vida no sentido máis amplo da palabra.

Que teñan ferramentas para favorecer e atopar o seu propio benestar psicolóxico (aceptándose a si mesmos, queréndose, sendo máis aser- tivos..), físico (coidando os seus hábitos alimenticios, do sono, mello- rando o seu estilo de vida....) e social sendo capaces de aceptar e cambiar o seu contorno sendo eles mesmos, non deixándose influen- ciar por todo aquilo que poida coartar a súa liberdade individual.

A prevención non é por tanto, soamente, que uns poucos se anticipen, que os propios mozos se preparen para o que lles poida suceder. Senón que todos, e moi especialmente eles, se autorresponsabilicen da súa propia saúde. De aí que para nós a prevención non poida deixar de formularse, e menos a estas idades, como educación para a saúde. Entendendo por **educación para a saúde o desenvolvemento integral do individuo**: cobertura de necesidades básicas, autonomía persoal autorresponsabilidade das súas accións, capacidade para facer / recibir críticas, autoestima, capacidade de toma de decisións, tolerancia á frustración, aceptación de normas... Sendo **obxectivos da EPS o desenvolvemento de hábitos e costumes sáns**; que os adolescentes rexeiten as pautas de comportamento que non leven consigo a consecución dun benestar físico e mental.

Os niveis de prevención dende os que podemos actuar son os xa coñecidos como prevención primaria, secundaria e terciaria; e segundo unha versión máis recente:

- **Prevenção universal**: que se refire ó conxunto de actuacións dirixidas a que non se produza o consumo de drogas
- **Prevenção selectiva**: cando pretendemos que se retarde o seu inicio. Vai dirixida a un subgrupo de mozos / adolescentes que teñen un maior risco para o consumo
- **Prevenção indicada**: cando partimos de que xa se produciu o consumo e os nosos obxectivos van encamiñados a que se deteña ou, no seu defecto, se realice dunha forma menos prexudicial para o suxeito e o seu contorno.

ADOLESCENCIA

A adolescencia é un período de cambio, ambivalencia, descubrimentos, experimentación, contradicións... Onde a busca de independencia choca con desexos de dependencia, desembocando en conflitos persoais e interpersoais, tanto dentro do núcleo familiar, como social (grupo de amigos, escola...) que lle esixen reformular os seus propios valores, intereses e relacións afectivas.

É unha etapa na que con frecuencia “se lles trata como nenos e se lles esixe como adultos”. Dificultándolles o dereito a equivocarse e a responsabilidade de gobernar as súas propias accións, a experimentar e aprender desas vivencias, de forma que se potencien / favorezan o desenvolvemento das súas capacidades.

Non lles gusta a súa propia imaxe corporal, non aceptan o seu corpo e os cambios físicos da pubertade á adolescencia os viven de forma conflictiva.

A sexualidade é un tema que falar del, en moitas familias, custa por igual a pais e fillos e crea nos adolescentes dúbidas, contradicións importantes que en ocasións se resolven con experimentacións temperáns das que o adolescente non sae gratificado. Cunha evolución manifesta, que vai dende o autoerotismo ata a heterosexualidade xenital adulta.. Sendo neste momento a escola, como medio educativo, a que cada vez máis se encarga de facilitar un punto de encontro no que resolver dúbidas e aclarar unha información en moitos casos totalmente contradictoria.

Poderíamos dicir que entre as características da adolescencia están a busca de si mesmo e da identidade persoal, tendencia a relacionarse co grupo de iguais, que desemboca nunha separación progresiva dos pais non só física senón tamén de posicionamentos de vida. Cunha actitude social reivindicativa, desubicación temporal (con problemas para conceptualiza-lo tempo) e un posicionamento de urxencia ante calquera demanda / situación tendo grandes dificultades para tolera-la postergación.

Neste período de vida a forma de expresión conceptual típica maniféstase a través de contradicións sucesivas con respecto a tódalas manifestacións das condutas dominadas pola acción, con constantes fluctuacións do humor e do estado de ánimo que en ocasións, non sempre, poden implicar problemas/trastornos do comportamento.

Na medida que os adultos aceptemos estas “peculiaridades” típicas dos adolescentes e sexamos capaces de recoñecer a súa validez e eficacia como persoas, poderemos facilitar o seu proceso evolutivo cara á identidade buscada, e deste xeito colaborar na formación dunha personalidade máis san.

Varias teorías relacionan ós adolescentes (aínda que tamén lle pode ocorrer de igual modo ós adultos) coa hipótese da **invulnerabilidade percibida**, ou o que é o mesmo: **a crenza absoluta de que “iso a min non me vai ocorrer”**. A crenza de que eles non van ter nunca un accidente de tráfico (aínda que non leven casco cando van en moto, ou conduzan baixo o efecto de substancias ou sen durmir..) Que é imposible un embarazo non desexado como consecuencia das súas relacións sexuais ou o contaxio dunha enfermidade de transmisión sexual, aínda que nas mesmas nunca tomen as medidas preventivas necesarias.

É como se por seren mozos estivesen vacinados contra calquera risco ou situación prexudicial para eles e por tanto expóñense sen maior problema de forma repetitiva a estas situacións.

Para entendelos un pouco mellor teríamos que ter presente unha das leis básicas da aprendizaxe cando nos di que a nivel conductual / comportamental as persoas aprendemos e nos comportamos con relación ó número de reforzos positivos e negativos que recibimos ó longo da nosa vida. Cando observamos, experimentamos que unha decisión ou comportamento noso implica consecuencias agradables, gratificantes para nós, temos unha maior tendencia a repetilo. Se percibimos que algo nos vai traer consecuencias negativas non desexadas, hai unha maior probabilidade de que esa conducta non volva repetirse, pero para os mozos os reforzos teñen que ser inmediatos; senón tenden a extinguirse como tales e deixan de producirlos efectos desexados pola demora da recompensa.

O concepto de reforzo conxuntamente co de invulnerabilidade percibida ten moito que ver coa ***percepción de risco: maior ou menor exposición a unha situación concreta, sentimento de inexistencia de problema con respecto as súas condutas***, e en consecuencia cunha maior probabilidade de que haxa exposición a situacións prexudiciais para a súa saúde.

Se os mozos pensan que son invulnerables ante determinadas situacións de risco, perciben que as substancias non son malas para eles e experimentan o efecto pracenteiro das substancias de forma inmediata (reforzo positivo) é moito máis doado que se inicien e manteñan no seu consumo. As consecuencias do consumo son probabilísticas e a longo prazo, mentres que o benestar, pracer, recompensa que se lles atribúe é inmediato ó seu consumo.

Se temos en conta estes dous conceptos, ***invulnerabilidade e percepción de risco***, como característicos da adolescencia, veremos con maior facilidade a importancia de que teñan un coñecemento real sobre as substancias e os seus efectos, proporcionándolles información útil, crible e non moralista en función da idade dos mozos ós que vai dirixida. Tendo sempre como obxectivo que esa información lles permita tomar decisións individuais sen a presión do grupo / contorno, e sen os propios nesgos que cada sociedade asumiu e transmitiu ó longo dos tempos (drogas duras / drogas brandas, legais ou ilegais igual a boas ou malas). Adxudicándolle por unha clasificación social ou legal, maior prexuízo ou beneficio para a saúde, algo que dista moito de ter relación cos efectos reais das substancias.

Outros **factores de risco, situacións que favorecen o consumo de drogas**, serían:

- Por curiosidade, atracción, experimentación.
- Influencia do grupo de iguais / presión de grupo. Fano os amigos, para non desentoar, faise no meu ambiente, faino moita xente, por non facer o ridículo.
- Por aburrimiento.
- Para sentirme importante, superior.
- Para evadirme.
- Por existencia de problemas persoais, familiares, escolares

Os **factores de mantemento** englobarían tódolos anteriores e poderíamos engadir a maiores:

- Gustoume a primeira vez
- Ignorar / non crer nas consecuencias reais (dependencia física / psíquica, patoloxías asociadas)
- Para sentirse mellor
- Para estimularse
- Para fuxir dos problemas
- Para pasalo ben
- Por non poder deixalo

Coñecendo os factores de inicio e mantemento do consumo de substancias e de cara á prevención, igual de importantes son **aqueles que van facilitar que os mozos opten por non consumir drogas**, son os **factores de protección** que os adolescentes que non consomen viven como importantes para non facelo:

- Percepción de risco para a súa saúde. Concepto de maior perigosidade do abuso de substancias.
- Menor aceptación das substancias como alternativa individual e social asociada ó ocio e tempo libre.
- Aceptarse a si mesmo e sentirse capaces de resolver os seus problemas, non crendo que as drogas lle solucionen os mesmos.
- Capacidade de resistencia ó grupo (maior responsabilidade individual para tomar decisións e maior capacidade para facelo).
- Veno innecesario para eles.
- Medo a non poder deixalo.

Outro concepto / variable relacionada coa xuventude e os seus comportamentos, que non por menos coñecida deixa de ser menos

importante é o concepto de **resiliencia**. Esta máis que demostrado que existen uns factores de risco asociados ó consumo de drogas. Factores externos e internos que dende a perspectiva de prevención tradicional é importante eliminar ou controla-la exposición ós mesmos.

Resiliencia ten que ver con competencia, a capacidade humana para saír fortalecido ante situacións adversas, desenvolvendo conductas / comportamentos adaptativos ás mesmas.

Dende esta perspectiva a promoción /prevención da saúde vai dirixida a fomenta-la resiliencia en lugar de centrarse nas desvantaxes individuais ou da sociedade.

Existen riscos, conflitos persoais e dentro da propia unidade familiar. O paro, a falla de expectativas, o grupo de iguais, o desexo de experimentar novas sensacións incluso as drogas é imposible facelas desaparecer dun plumazo. Mentres as circunstancias adversas estean presentes dentro da nosa sociedade e dado que os mozos teñen que vivir dentro dela, é importante que coñezan os riscos cos que teñen que convivir e ademais é responsabilidade de todos capitalos para afrontar esas situacións o mellor posible. ¿Como? :

- Axudándolles a coñecerse a si mesmos e aceptarse como son.
- Dándolles a oportunidade de experimentar novas sensacións que lle permitan ter experiencias positivas e negativas, facilitándolles a vivencia de sentimentos persoais de autoeficacia de forma que se incremente o seu nivel de asertividade / autoestima.
- Fomentando a autonomía persoal que lles vai permitir ter un sentimento de autoeficacia / independencia dende as idades máis temperás, deixándolles que sexan eles os que resolvablen os seus problemas ou a non consecución dos seus obxectivos.
- Facilitándolles ferramentas para que todo o anterior sexa moito máis doado para eles, tanto dentro da propia unidade familiar como dende a escola e sociedade en xeral. Formándoos / capacitándoos en habilidades de comunicación, resolución de problemas, técnicas de afrontamento de situacións difíciles, de autocontrol, de relaxación...

Partindo da teoría da resiliencia, poderíamos formular como factores de risco poderían converterse en factores de protección se os adolescentes tivesen un coñecemento claro dos mesmos e estivesen preparados para afronta-las circunstancias adversas.

SOCIEDADE E DROGAS

As actitudes e crenzas persoais con respecto ás drogas son tamén un factor importante para o inicio no consumo de drogas, pero non é un fenómeno que apareza coa adolescencia, tamén ten que ver co contorno, sociedade na que lles tocou vivir.

Unha actitude positiva cara ó consumo e/ou abuso de substancias dentro da unidade familiar vai favorecer unha actitude positiva cara ó grupo de iguais no que se dean este tipo de conductas, e en consecuencia, aínda que non é causa-efecto, unha maior posibilidade de establecer relacións permanentes cun grupo no que o consumo de substancias forme parte da pauta de convivencia, diversión, relación. O que pode favorecer/facilita-lo consumo nun momento determinado para calquera adolescente e/ou o mantemento do mesmo.

A resistencia de gran parte da nosa sociedade a considerar substancias como o tabaco e o alcohol como drogas (incluso clasificándoas socialmente como drogas brandas) sen acepta-la insalubridade das mesmas, pode facer pensar a moitos nenos / adolescentes que non son substancias nocivas para a nosa saúde ou que son menos malas. Cando por todos son coñecidos os seus efectos non soamente a nivel orgánico (cancro de pulmón, estómago, cirrose. así como outras enfermidades directamente asociadas co abuso das mesmas) senón tamén psicolóxicos (trastornos da personalidade, dependencia, psicoses reactivas,..) e sociais como o incremento dos accidentes laborais e de tráfico, malos tratos familiares, perdas importantes por absentismo laboral e , entre outros, un incremento importante do gasto sanitario por tratamentos directamente asociados ó abuso de substancias psicoactivas.

Aprendemos por imitación e por modelado aquilo que nos interesa do que vemos facer ós demais. Pero a aprendizaxe vicaria (aprendizaxe por observación) tamén forma parte da instauración de múltiples comportamentos que adquiren os nenos sen que os maiores que estamos ó seu redor teñamos intención / coñecemento de que lles estamos ensinando un comportamento determinado, favorecendo unha actitude concreta ou alimentando unha crenza equivocada.

De aí a importancia do comportamento en xeral de pais, persoas significativas do contorno do neno / adolescente, e máis concretamente con respecto a determinadas conductas que poidan ter con respecto ó uso / abuso de substancias psicoactivas máis socializadas (alcohol, tabaco, cannabis, benzodiacepinas..) tanto no ámbito familiar como nos medios de comunicación de masas, publicidade...etc.

Nº	TÍTULO	OBXECTIVOS	MODELO/TEORÍA	VARIABLES	TECNICAS
1	¿Qué como son eu?	Mellora intrapersonal	Mellora estima- Integrativa (Kaplan)	Autoestima, autoconceito	Persoal
2	¿Cómo me vexo? ¿Cómo me ven?	Mellora intrapersonal	Mellora estima- Integrativa (Kaplan)	Autoestima, autoconceito	Persoal
3	Ti es única. Ti es único	Mellora intrapersonal	Mellora estima- Integrativa (Kaplan)	Autoestima, autoconceito	Persoal
4	Susie	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Toma de decisións	Persoal
5	O escaravello peloteiro	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades sociais	Persoal
6	A pirámide das necesidades	Modificar actitudes	Necesidades xerárquicas (Maslow)	Influenzas persoais e sociais	Grupos
7	Superfluo	Modificar actitudes	Necesidades xerárquicas (Maslow)	Influenzas persoais e sociais	Persoal
8	Estratexias da publicidade	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Persoal
9	As aparencias enganar	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Persoal
10	Realidade/Ficción	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Persoal
11	Adiviña adiviñanza	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Grupos
12	Retrato robot	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Grupos
13	Contrapublicidade	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Grupos
14	A arrasadeira	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Grupos
15	Definición	Información	Cognitivo-Social (Bandura)	Toma de decisións	Persoal
16	Dictado en grupo	Información	Cognitivo-Social (Bandura)	Coñecemento e actitudes	Grupos
17	Xateentendo.com	Información	Cognitivo-Social (Bandura)	Coñecemento e actitudes	Grupo
18	Rapeando	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Coñecemento e actitudes	Grupos
19	Capitán Haddock	Modificar actitudes	Cognitivo-Social (Bandura)	Habilidades ante publicidade	Grupo
20	Ditos e costumes	Modificar actitudes	Acción razoada (Ajzen)	Coñecemento e actitudes	Persoal
21	A crúa realidade	Modificar actitudes	Acción razoada (Ajzen)	Coñecemento e actitudes	Persoal
22	Descubre a outra metade	Modificar actitudes	Acción razoada (Ajzen)	Coñecemento e actitudes	Persoal
23	Salto do cabalo	Información	Acción razoada (Ajzen)	Coñecemento e actitudes	Grupos
24	A entrevista	Modificar actitudes	Cognitivo-Social (Bandura)	Coñecemento e actitudes	Persoal
25	Ábrese a sesión, preside...	Modificar actitudes	Cognitivo-Social (Bandura)	Coñecemento e actitudes	Grupos
26	A manipulación	Competencias sociais	Estilos vida e factores risco (Calafat)	Coñecemento e actitudes	Grupos
27	Bart Simpson	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Relacións cós compañeiros	Persoal
28	Dereitos	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Asertividade	Persoal
29	Dereitos 2	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Asertividade	Persoal
30	Non te deixes intimidar	Competencias sociais	Estilos vida e factores risco (Calafat)	Relacións cós compañeiros	Persoal
31	A liña de ocio	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Presión de grupo	Persoal
32	A liña de ocio 2	Competencias sociais	Cognitivo-Social (Bandura)	Presión de grupo	Grupos

Nestes materiais atoparédesevos con algúns conceptos que pola vosa experiencia profesional estades acostumados a traballar: metodoloxía, estratexia, técnica e habilidade:

- **Metodoloxía:**

Ciencia do método. Procedemento para ensinar algo. Que facer cando xa eliximos tema e contido. Pasos, medidas a tomar e recursos necesarios para acadar uns obxectivos previamente definidos.

- **Estratexia:**

Arte, habilidade para dirixir un asunto. Que estilo xeral de acción imos manter.

- **Técnica:**

Conxunto de regras prácticas. Modos e procedementos dos que se serve unha ciencia ou un acto. Medios que van servir para lograr un mellor aprendizaxe de contidos, aptitudes e/ou comportamentos.

- **Habilidade:**

Capacidade para dicir ou facer algo. Disposición para unha cousa. Destreza.

En moitas das fichas destes materiais xa se indica que hai que facer e incluso as técnicas que se poden utilizar para conseguir os obxectivos previstos. Con isto pretendemos facilitar e orientar o voso traballo; de todos modos vós sodes os que tedes a derradeira palabra para introducir as modificacións que considere des oportunas. A vosa experiencia, coñecementos e preferencias, así como un maior coñecemento do grupo co que ides a traballar, serán determinantes á hora de elixir unha técnica.

De seguido pasamos a describir algunhas das técnicas que vos propoñemos para utilizar nas fichas destes materiais cos vossos alumnos, pero antes quixeramos lembrar que como norma xeral de aplicación de calquera técnica grupal, cómpre que teñamos en conta que:

- Antes de utilizar unha técnica de grupo é imprescindible **coñecer o seu fundamento teórico, estrutura, dinámica e modo de aplicación.**
- Se se descoñece a técnica, é preferible **seguir as indicacións** e pasos que se propoñen. Con experiencia na aplicación da mesma se poderán **intentar adaptacións diferentes.**

- Unha técnica grupal funciona mellor na medida na que os alumnos se sintan **implicados, interesados e cooperen** activamente na actividade.

As técnicas grupais vannos permitir traballar dun modo máis eficaz e lúdico os contidos que se van abordar: pensamento creativo; facer e recibir críticas; presión de grupo; toma de decisións; autoestima e autoconcepto; asertividade, entre outros.

TÉCNICAS GRUPAIS

XOGO DE ROLES * Role - Playing

- **¿En que consiste?**

Na representación dunha situación previamente definida. As persoas que participan no xogo como actores pretenden transmitir ó grupo o feito como si fora unha realidade. Cada actor elixe un papel, sendo a representación libre e espontánea, preferentemente, sen uso de guións nin de ensaios previos. O resto do grupo representa o rol de espectadores.

- **¿Que se pretende?**

Aborda-lo tema dun modo vivencial, facilitando a identificación coa situación que se representa, tanto por parte dos actores como dos alumnos que están a observa-la escena. Facilita o compartir unha situación determinada como se fora real, para posteriormente poder discutir sobre o tema cun maior coñecemento, acercamento e comprensión do mesmo.

- **¿Cómo facelo ?**

- 1 Pedir **voluntarios, ou invitar** ós que vaian participar no xogo de roles.
- 2 Explicar que se quere “**destacar**” para aclarar e entender con maior facilidade o tema que se estea a tratar. Encadra-la escena.
- 3 A información que o profesor dea ó grupo sobre o que hai que facer debe ser **clara, concreta e precisa**.
- 4 Pódese pechar en maior ou menor medida os personaxes, pero **non** hai que dar **guións pechados** como en teatro. Serán os propios “actores” os que deberán dar vida e facer evolucionar os seus personaxes e situacións.
- 5 Indicar ós espectadores que se busca, **que deben observar**.
- 6 **As veces non se indica** previamente ós espectadores o **obxectivo do xogo de roles** co fin de utiliza-lo factor sor-

- 6 **As veces non se indica** previamente ós espectadores o **obxectivo do xogo de roles** co fin de utiliza-lo factor sorpresa como elemento dinamizador.
- 7 Analízase a representación, non se critica ós participantes. **Pídese respecto e reforzo na valentía dos que actúan.**
- 8 **O tempo de representación é variable**, oscilando entre cinco e dez minutos; de tódolos xeitos será o profesor o que dea por rematada a representación cando considere que hai suficiente información para poder traballar a nivel grupal. Se existe un ambiente moi negativo ou se percibe que algún dos alumnos que actúa esta a pasalo mal, darase tamén por rematada a representación.
- 9 **A representación** da escena **non debe ser interrompida** polos seus compañeiros agás que se utilice unha variante desta técnica na que previamente xa estea establecida esta posibilidade.
- 10 Ó rematar, **reforzar positivamente ós participantes**; preguntarles como se sentiron e as dificultades na representación.
- 11 Preguntar ós observadores/espectadores que viron, e pasar a analiza-las relacións establecidas nos xogos de roles.

Existen outras variacións de xogo de roles, como facer pequenos grupos e varia-los personaxes; intercambiar sobre a marcha os papeis que representan os actores; que os espectadores se convertan en actores e estes en espectadores....

REMUIÑO DE IDEAS * Brainstorming

- **¿ En que consiste ?**

Que os participantes indiquen o maior número posible de palabras que lle suxiren a idea, tema ou palabra proposta.

Exemplo de palabra proposta: *Avión*

Respostas validas: *Reacción, medo, viaxes, altura, sol, rapidez, nubes, bico*

- **¿ Que pretendemos ?**

Xerar o maior número de ideas en pouco tempo dunha forma creativa; sen ter que fixarse en se o que se di é real, útil ou incluso posible. Favorece-la maior cantidade de alternativas posibles con respecto un tema ou palabra prantexado.

- **¿ Como facelo ?**

Realízanse subgrupos entre os alumnos da clase.

Unha persoa anotará tódalas ideas aportadas polo grupo nun folio (ou encerado se se fai con todo o grupo) sobre o tema/palabra proposta. Nesta fase, non se criticarán nin interromperán as ideas aportadas; se busca só o maior número posible das mesmas.

Analízanse as ideas e faise unha primeira selección de aquelas que nos poidan resultar máis útiles. Primeiro nos subgrupos e posteriormente no gran grupo.

PHILLIPS 66

- **¿ En que consiste ?**

Seis persoas durante seis minutos expoñen as súas ideas.

- **¿ Que pretendemos ?**

- A **participación de tódolos** membros do grupo.
- Expoñe-las ideas de forma resumida. Que **desenvolvan/- practiquen a capacidade de síntese** sobre os seus pensamentos.
- Recolle-la **opinión de tódolos participantes en pouco tempo**.
- **Mobilizar** un tema que non avanza, non esta claro, ou atás-case durante o desenvolvemento dunha clase.

- **¿ Como facelo ?**

- 1 Fórmanse **subgrupos** con **seis alumnos cada un**.
- 2 O profesor **formula claramente o tema/caso** que se vai traballar a nivel grupal. É importante deixalo escrito no encerado á vista de tódolos alumnos.
- 3 Indícaselles que entre os integrantes do grupo teñen que **elixir un secretario** que anotará o exposto polos seus compañeiros e exporá as conclusións en gran grupo.
- 4 **Elixirase** tamén **un coordinador** para controla-lo tempo. O secretario e o coordinador participarán no grupo ó igual que os seus compañeiros.
- 5 Cada integrante do grupo ten **un minuto de tempo para expresar** as súas **ideas**. Se acaba o seu tempo, o coordinador indicará ó seguinte compañeiro que pode empezar a falar.

- 6 **Un minuto antes de acabar o tempo, o profesor avisará a tódolos subgrupos** para que poidan face-lo resume do falado para expoñer en gran grupo.
- 7 É importante **respecta-las normas sobre os tempos.**

TRIBUNAL

- **¿ En que consiste ?**

Trátase de representar con tódolos actores clásicos dun xuízo (xuíz, fiscal, avogado defensor/ acusador, testemuña, culpable), unha situación que polo seu tema dea lugar a prantexamentos que poidan ser defendibles desde polos distintos.

Exemplo: *Xuízo ó alcohol*

Empresario da construción: *Pola súa experiencia profesional xulgaría negativamente ó alcohol polo absentismo laboral que teñen na empresa e o incremento de accidentes laborais relacionados co abuso do mesmo.*

Empresario vitivinícola: *Defendería o alcohol como un traballo que lle permite gañar diñeiro e ter unha posición económica determinada.*

- **¿ Que pretendemos ?**

- Recoller información sobre o tema
- Que os alumnos **investiguen** sobre o tema no seu propio medio.
- Que xustifiquen, aporten probas sobre o que din e **sexan capaces de defendelo en público.**
- Que **practiquen a escoita activa** atendendo ás explicacións / razóns que dan os demais.
- Que **practiquen e acepten a crítica constructiva.**
- Fomenta-lo **traballo en equipo**

- **¿ Como facelo ?**

- 1 Elíxese **entre os alumnos os personaxes**, que como mínimo deberan ser: xuíz, fiscal, avogado defensor, avogado acusador, testemuña de ámbalas dúas partes, ou “culpable” (a quen se xulga, o tema a traballar: tabaco, racismo, alcohol, agresividade, intolerancia..) e xurado popular (alomenos 6-8 membros).

- 2 **Os alumnos que non participen como actores** e vaian formar parte do público **axudarán na fase de investigación** a buscar documentación para os actores.
- 3 **Faranse subgrupos que se dediquen a buscar material** para que o xuíz dicte sentenza, o fiscal poida basear a súa acusación, o culpable defenderse etc., de forma que todos participen na busca de información.
- 4 É necesario **adapta-la clase á actividade**. Colocar ós membros do tribunal fronte ó público de forma que poidan ser vistos e oídos sen dificultade; se é necesario buscar unha sala alternativa máis grande. Coida-la escenografía da posta en escena.
- 5 É importante que os **actores coñezan ben a súa función e cada personaxe debe ser facilmente identificable para o público**.
- 6 Darase por rematado o xuízo cunha sentenza sobre o mesmo.

DIALOGOS SIMULTANEOS * Cuchicheo

- **¿ En que consiste ?**

Organízase ó grupo en parellas e simultaneamente tratarán sobre o tema proposto

- **¿ Que pretendemos ?**

- **Mobilizar a un grupo pouco activo.**
- Conseguir unha **maior participación** dos integrantes do grupo.
- **Facilitar que tamén participen aqueles alumnos que teñen máis dificultades para expresarse.**
- **Coñece-la opinión** do grupo **sobre un tema de forma rápida** e sen preparación previa.
- Que os alumnos **compartan información e desenvolvan a súa capacidade de síntese.**

- **¿ Como facelo ?**

- 1 Exponse o **tema** sobre o que se vai tratar **de forma clara**. De modo que todos falen sobre o mesmo.
- 2 Darase un **tempo limitado** para cada membro da parella, de un a tres minutos.
- 3 Pedirase ós alumnos **que falen en voz baixa** para non molestar ó resto dos compañeiros.

- 4 O profesor intentará **que os participantes non se aparten do tema e participen ambos por igual.**
- 5 Un dos compoñentes da parella **exporá en público o falado** durante a súa conversación **coa maior obxectividade posible.**
- 6 **O profesor extraerá a conclusión xeral** da información dada por tódolos subgrupos e concluirase coas decisións oportunas sobre o caso.

DISCUSIÓN DIRIXIDA

- **¿ En que consiste ?**

Un intercambio informal de ideas sobre un tema, baixo a con-
dución dunha persoa que estimule, de forma activa, a partici-
pación.

- **¿ Que pretendemos ?**

- **Esperta-lo interese** dos participantes.
- **Estimula-la súa capacidade de razoamento.**
- **Favorece-la expresión de ideas** con claridade.
- **Coñecer e analiza-las diferentes actitudes e opinións** sobre un tema.
- **Respecta-las opinións diferentes e defende-las propias.**
- **Modificar crenzas e actitudes.**
- Chegar a algún tipo de acordo.
- **Facilita-la toma de decisións** e extraer conclusións.

- **¿ Como facelo ?**

- 1 Previamente ó debate **fáiselle saber** ós alumnos o **tema de discusión e dáselle tempo para preparalo.**
- 2 **Defini-los obxectivos** que se pretenden alcanzar **con clari-
dade.**
- 3 O profesor deberá **planificar previamente e por escrito** unha serie de **preguntas que axuden a estimula-lo deba-
te e** promove-la discusión para obte-los obxectivos previstos.
- 4 O día do debate o **profesor fará unha breve introducción
para encauza-lo tema.** Formulará a primeira pregunta e
invitará ós alumnos a participar.
- 5 **Deixaranse claras as condicións de participación no
debate:** petición de palabra; respecto ó exposto polos com-

pañeiros; crítica ó tema, non ás persoas; brevidade na exposición das ideas, etc.

- 6 Reconduci-la exposición cando se desvíe do tema proposto.**
- 7 Facilita-la participación de aqueles alumnos que teñan máis dificultade** en expresar a súa opinión.
- 8 O profesor que dirixe o debate debe absterse de entrar no mesmo;** pode suxerir, aclarar confusións, introducir elementos que faciliten esclarecer confusións ou prantexamentos bipolares, pero non decantándose por unha opinión.
- 9 A función do profesor é estimular e guiar ó grupo.**
- 10** Finaliza-lo debate animando ós alumnos para que sexan capaces de sintetiza-las conclusións máis relevantes.

✚ ¿Veste reflectido nalgún dos adxectivos seguintes? Sinálao cun X. Lembra que non se trata de dicir como che gustaría ser, senón como te ves en realidade.

☐ afable	☐ atordado/a	☐ xeneroso/a	☐ rabudo/a
☐ atento/a	☐ entusiasta	☐ inexpresivo/a	☐ fanático/a
☐ alegre	☐ extravagante	☐ mentireiro/a	☐ gruñón/a
☐ esixente	☐ malicioso/a	☐ esperto/a	☐ honrado/a
☐ estúpido/a	☐ bobo/a	☐ fiel	☐ desvergozado
☐ malhumorado	☐ feliz	☐ presumido/a	☐ zoupón/a
☐ valente	☐ chulo/a	☐ parvo/a	☐ confiado/a
☐ fanfurriñeiro/a	☐ medroso/a	☐ calmoso/a	☐ groseiro/a
☐ listo/a	☐ necio/a	☐ culto/a	☐ sabichón/a
☐ prudente	☐ covarde	☐ tolo/a	☐ serio/a
☐ bruto/a	☐ malfalado/a	☐ sereno/a	☐ solitario/a
☐ contestatario/a	☐ sensato/a	☐ sociable	☐ decidido/a
☐ bárbaro/a	☐ sincero/a	☐ cazurro/a	☐ idiota
☐ salvaxe	☐ soñador/a	☐ dócil	☐ orgulloso/a
☐ simpático/a	☐ divertido/a	☐ insolente	☐ chorón/a
☐ insulso/a	☐ imbécil	☐ rebelde	☐ pesimista
☐ desordenado/a	☐ aberto/a	☐ extravertido/a	☐ desbaldidor/a
☐ iluso/a	☐ tímido	☐ descoidado/a	☐ caprochoso/a
☐ intelixente	☐ inconstante	☐ depresivo/a	☐
☐ preguiceiro/a	☐ desorganizado	☐ apaixonado/a	☐
☐ solidario/a	☐ serio/a	☐ traballador/a	☐
☐ atrevido/a	☐ educado/a	☐ enxeñoso/a	☐

De seguro que terás sinalado algúns trazos negativos e algúns positivos. Centrémonos nestes últimos.

Obxectivos:

- Contribuír a que o alumnado descubra a súa personalidade e cualidade e detecte os seus intereses.
- Propicia-la expresión das expectativas, gustos, desexos, limitacións.
- Potencia-la autoconfianza e o autoconcepto.

Orientacións para o profesorado:

Pretendemos que o alumnado reflexione sobre si mesmo, que se pare e dedique un pouco do seu tempo a pensar sobre el/ela: intereses, gustos, aptitudes, limitacións, e que exprese como cre que é.

Información complementaria:

Para moitos autores, o termo personalidade recolle un conxunto de trazos innatos (temperamento) e unha serie de trazos adquiridos durante o noso crecemento. A interacción entre ambos determina a nosa resposta ó contorno en forma de actos, accións e conductas. De xeito sinxelo poderíamos dicir que a personalidade é a identidade de un (o seu “eu”).

Podemos resumir os compoñentes da identidade en dous elementos fundamentais:

- **O *autoconcepto*:** a experiencia relativamente estable que cada un ten da súa propia persoa (o que eu penso que son).
- ***Autoestima*:** as representacións, valoracións e actitudes que cada un ten sobre si mesmo.

Edificamos a nosa identidade persoal a partir da autoobservación e da valoración e noción que as demais persoas teñen de cada un. O noso autoconcepto e autoestima determina o nivel de aspiracións, os comportamentos, as relacións sociais, etc.

Revisemos a continuación outro concepto de autoestima:

- ***Autoestima*:**

É a suma dos xuízos que unha persoa ten acerca de si mesma; é dicir o que a persoa se di a si sobre si mesma. Sería o grao de satisfacción que cada persoa ten consigo, a valoración que fai de si mesma.

Unha persoa con *autoestima* elevada sente que é importante, ten confianza na súa propia competencia, ten fe nas súas propias decisións e en que ela mesma significa o seu mellor recurso. Ó apreciar o seu propio valor está disposta a aquilatar e respectar o valor das

demais persoas, polo que solicita a súa axuda, emana confianza e esperanza e se acepta totalmente a si mesma como ser humano.

Pero a autoestima elevada non significa un estado de éxito total e constante; significa ser quen de recoñece-las nosas propias limitacións e debilidades e sentir un orgullo san polas propias habilidades e capacidades, ter autoconfianza

Todas as persoas temos momentos difíciles e quen posúe elevada autoestima tómaos como un reto que pronto superará para saír adiante con éxito e máis fortalecida que antes, xa que os entende como unha oportunidade para coñecerse mellor e promover cambios.

Polo contrario, daquelas persoas que senten que valen pouco ou nada dise que teñen unha *autoestima baixa*. Son as que agardan ser enganadas e menosprezadas polas demais persoas e como habitualmente anticipan o peor polo xeral chégalles. Como mecanismo de defensa ocúltanse tras dun muro de desconfianza e afúndense na soidade e no illamento social. Deste xeito vólvense apáticas, indiférentes cara a si mesmas e cara ás outras persoas. O temor é o resultado da desconfianza e do illamento social que as limita e lles impide que se arrisquen na busca de novas solucións para os problemas, dando lugar a un comportamento do máis destrutivo.

Os seus sentimentos de inferioridade e de inseguridade lévanas a sentir envexa e ciumes do que as demais persoas posúen, aínda que dificilmente aceptan isto, que se manifesta con actitudes de tristeza, depresión renuncia e aparente abnegación, ou ben con ansiedade, medo, agresividade e rencor, provocando así un maior distanciamento das outras persoas

Sen dúbida, o punto de partida da valoración persoal atópase no xuízo das demais persoas, especialmente daquelas que resultan significativas.

Dimensións da autoestima

Se ben cada persoa realiza unha valoración global de si mesma, existen unhas áreas específicas da autoestima:

- *Dimensión física:* refírese o feito de nos sentir atractivas fisicamente.
- *Dimensión social:* fai referencia a que a persoa se atope aceptada ou rexeitada polas do seu grupo, sentíndose parte deste.
- *Dimensión afectiva:* aínda que moi relacionada coa anterior fai referencia a que se sinta: simpática/antipática; estable/inestable;

1 • ¿que como son eu?

valente/temerosa; tímida/asertiva; tranquila/inqueda; de bo/mal carácter; xenerosa/tacaña e equilibrada/desequilibrada.

- *Dimensión familiar:* como unha persoa se sente estimada, valorada, querida e respectada por quen compón a súa familia.
- *Dimensión escolar laboral:* valoración que facemos sobre se somos ou non persoas “suficientemente válidas”.
- *Dimensión ética:* relacionada co feito de se sentir unha persoa boa e na que confiar ou mal e pouco fiable.

Fonte: Sueiro, E. e Pereira, M.C.: *Malos tragos, Xuventude, Alcohol e Publicidade*. Pax, 60,-61, 1999. Concello de Ourense. Ourense

2 • ¿como me vexo? ¿como me ven?

- Imos agruparnos por parellas. Cando xa esteamos sentados fronte á nosa, completamos, sen que ninguén nos vexa, a primeira columna da seguinte táboa:

Trazos positivos, tanto internos coma externos, dos que me sinto máis orgulloso/a	Trazos positivos, tanto internos coma externos, que me identifican segundo o meu compañeiro/a

- Observa a persoa que che correspondeu como parella e sobre un papel á parte escribe os trazos positivos que máis a identifiquen, tanto internos coma externos. Ela estará facendo o mesmo contigo. Transcorridos uns minutos entrega a túa descrición á persoa observada e recolle a súa. Cada quen contemplará a columna da dereita da táboa anterior.

- ¿Que che foi máis sinxelo: cualificar ó teu compañeiro/a ou a ti mesmo? ¿Por que?

2 • ¿como me vexo? ¿como me ven?

- 👉 ¿Coinciden a descrición propia coa que de ti fixo a túa parella?
¿En que aspectos si e en cales non?

- 🔴 ¿Cres acertada a descrición que fixo de ti o teu compañeiro/a ou, pola contra, descoñecías que os demais tivesen esa imaxe de ti?

- 🔗 ¿Cres dar a imaxe que realmente queres dar?

Obxectivos:

- Desenvolver no alumnado un axeitado autoconcepto, comparando e contrastando a súa opinión coa que del/dela teñen outras persoas.
- Acepta-las opinións, críticas e sentimentos dos demais sobre nós mesmos
- Formarse unha imaxe axeitada da súa propia persoa.

Orientacións para o/a docente:

Con esta actividade preténdese que o alumnado teña unha idea máis clara, non de como cren que son, senón de como os/as ven as demais persoas coas que conviven máis directamente.

Aclararemos que non imos xulgar a ninguén, senón que a actividade consiste en facer unha descrición dos trazos que nos identifican; primeiro de nós mesmos/as e despois do compañeiro ou compañeira que nos toque.

Tratamos de que se centren nos aspectos positivos “unha cualidade, unha actuación que che gustou, unha cousa que admiras....”, e menos nos negativos.

Cando se presenten as conclusións ó grupo actuaremos como moderadores entre a persoa da que se fala e a persoa que o di, procurando que sexan tolerantes coas opinións do/as demais.

Sen dúbida, o punto de partida da valoración persoal atópase no xuízo que fan de nós as demais persoas, especialmente aquelas que consideremos máis significativas. No caso do alumnado, os seus propios compañeiros/as.

Cremos que esta actividade pode servir para mellorar a autoimaxe que ten cada un dos alumnos/as, pretendemos que os/as mozos descubran cualidades propias que descoñecían, identifiquen distintos aspectos que os caracterizan e recoñezan que os outros poden vernos de diferentes modos. Daranse conta, de que todos temos algo polo que nos poden admirar, aínda que tamén que hai cousas que podemos cambiar ou mellorar.

Información complementaria

A autoestima desenvólvese axeitadamente cando os adolescentes experimentan catro aspectos:

- *Vinculación*: resultado que obtén o/a adolescente ó establecer vínculos que son importantes para el e que os demais tamén recoñecen como importantes.

2 • ¿como me vexo? ¿como me ven?

- *Singularidade*: resultado do coñecemento e respecto que sente por aquelas cualidades ou atributos que o fan especial ou diferente, apoiado polo respecto e a aprobación que recibe dos demais por esas cualidades.
- *Poder*: consecuencia da dispoñibilidade de medios, de oportunidades e de capacidade no alumnado para modificar as circunstancias da súa vida de maneira significativa.
- *Modelos ou pautas*: puntos de referencia que dotan o adolescente dos exemplos axeitados, humanos, filosóficos e prácticos, que lle serven para establecer a súa escala de valores, os seus obxectivos, ideais e feitos propios.

Fonte: Clark A., Clemens H. e Bean R.: Como desarrollar la autoestima en adolescentes, 1993.Ed. Debate. Madrid

A CAMPAÍÑA DO FA SOSTIDO

De entre tódalas notas, a campaiña só sabía tocar o Fa sostido. Todas as súas compañeiras se burlaban dela mentres ensaiaban a escala musical e facían perfectos o Do, o Mi, o Sol e ata o Si bemol. Unha delas, máis virtuosa ou máis atrevida, uníaas todas nun envexable acorde de sétima.

As campaiñas vibraban todas as notas, e o conxunto de todas elas creaba unha música sublime parecida ó son que emana das estrelas cando avanza a furto sobre as augas, semellante ó canto melancólico das sereas cando invocan a lúa en noites prateadas.

Non se sabe a ciencia certa por que a campaiña en cuestión só sabía tocar o Fa sostido. Existían rumores que apuntaban a un defecto de forma, a un defecto de fondo, e mesmo a un defecto sen máis.

As outras campaiñas metíanse coa campaiña do Fa, como a chamaban, e insultábana dicíndolle que non era nin rítmica, nin melodiosa, nin eufónica..., que era perfectamente prescindible.

A campaiña do Fa estaba moi triste e deprimida. Amaba a música e, iso si, o Fa sostido saíalle fenomenal. Pero, claro, ata ela se cansaba de escoitar sempre a mesma nota unha e outra vez.

Por iso un día, cansa xa de tanto escarnio, recolleu as súas partituras musicais nas que só figuraba o Fa sostido e abandonou a pradería onde vivía coas outras campaiñas.

Estivo camiñando sen rumbo fixo. Pensaba na súa falta de talento para a música, a súa torpeza á hora de intentar aprender outra nota que non fose a que de sobra coñecía, naquilo que a facía diferente das demais campaiñas.

Así atravesou o bosque e, ben entrado o día, chegou a un val tinguído de cores suaves. Un grupo numeroso de campaiñas moi vistosas estaban ensaiando unha peza musical.

Pero a pesar do empeño que poñían en tocar aquela melodía, algo fallaba continuamente. E era unha pena, porque as campaiñas se esforzaban ó máximo, movían incesantemente as súas coroas e facían vibrar cada perístilo dun xeito admirable, pero non lles saía ben. A música que resultaba non era de todo harmónica.

A campaiña do Fa achegouse un pouco máis e, case sen querer, empezou a tocar o seu Fa sostido. Sempre a mesma nota, pero primorosamente situada naquelas partes da composición que requirían un Fa sostido.

As outras campaiñas quedaron estupefactas, porque de pronto as notas musicais encaixaban unhas con outras formando un puzzle de harmonía perfecta. Cada movemento tiña a súa cadencia e o seu compás. As notas entrelazábanse e, unidas, ascendían ata rozar o ceo azul.

Cando remataron de tocar as campaiñas achegáronse á campaiña do Fa sostido e fóronse presentando unha a unha. Estaba a campaiña do Do, a do La, a do Re, a do Mi..., ata a campaiña do Fa natural.

A única que lles faltaba era ela, a rítmica, a melodiosa, a eufónica..., a INSUBSTITUÍBLE e necesaria campaiña do Fa sostido.

Fonte: OROZCO AMOROS, P. (1999): *Historias de la otra tierra*. Madrid. Anaya

❖ ¿Por que cres que tódalas compañeiras se rían da campaiña do Fa sostido?

- ¿Cal foi a solución que escolleu a campaña co fin de solucionar o seu problema? ¿É sempre posible esa solución? ¿Poderías indicar algunha outra?

- ¿Coñeces algún caso no que estea acontecendo algo parecido ó que lle acontecía á campaña? ¿Cres que poderías persoalmente axudar a solucionalo? ¿Como?

